FONDO SOCIAL EUROPEO

CIM santiago

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

CONCELLO DE SANTIAGO

Concellaría de Igualdade,
Desenvolvemento económico
e Turismo

MEMORIA

CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES
SANTIAGO DE COMPOSTELA
ANO 2018

Ficha técnica

Localización					
Denominación	C.I.M DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.				
Titularidade	MUNICIPAL	Dependencia (concellería...)	CONCELLARÍA DE IGUALDADE.		
Enderezo	RÚA DE ISAAC DÍAZ PARDO, Nº2-4		C.P.	15705	
Localidade	SANTIAGO DE COMPOSTELA	Provincia	A CORUÑA		
Teléfonos	981- 542465	Fax	981- 542469		
Correo electrónico	cim@santiagodecompostela.org				
Área de influencia	SANTIAGO				
Ano de inicio de actividade	2005				
Períodos interrupción	NINGÚN				

Prestación do servizo	
Días e horario de atención a usuarias/os	DE LUNS A VENRES DE 8:00 A 15:00 HORAS
Días e horario de asesoramento xurídico (previa cita)	MARTES E VENRES DE 8.00 A 15:00 HORAS
Días e horario de atención psicolóxica (previa cita)	LUNS E MÉRCORES DE 8:00 A 15:00 HORAS
Días e horarios de atención social (previa cita)	LUNS E MÉRCORES DE 8.00 A 15:00 HORAS

Persoal			
Asesoría xurídica Persoal Laboral	Datos contidos na solicitude e na xustificación da subvención 2018	Directora	NON
Psicóloga Funcionaria Interina	Datos contidos na solicitude e na xustificación da subvención 2018.	Directora	NON

Outro persoal do CIM	Cat. profesional/tipo contrato/salario bruto mensual
Directora. Licenciada en Dereito. (Funcionaria de Carreira). Traballadora Social. Axente de Igualdade. (Laboral Fixo).	Os datos relativos a este apartado, están incluídos na solicitude da subvención convocada pola Secretaría Xeral de Igualdade, ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade (DOG núm. 15, do 22 de xaneiro de 2018).

Orzamentos		
Custo anual (€)	Financiamento propio (€)	Ingresos doutras administracións (tipo/finalidade/€)
Os datos relativos a este apartado, están incluídos na solicitude da subvención convocada pola Secretaría Xeral de Igualdade, ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade (DOG núm. 15, do 22 de xaneiro de 2018).		Para o programa CIM o concello non recibe máis axuda que a proporcionada a través da convocatoria anual de subvencións da Secretaría xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

2. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 8 DE MARZO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER".
Lugar e datas de realización	MESES DE MARZO, ABRIL E MAIO NA CIDADE DE SANTIAGO.
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	PÚBLICO EN XERAL.
Descrición do contido da actividade	

Entre as actividades desenvoltas cabe destacar:

Obradoiros

Programa de obradoiros abertos nas parroquias de Compostela. Esta actividade buscou traballar o empoderamento e a participación das mulleres, facer visible o seu traballo e facilitar canles de apoio e orientación que reforcen a autoestima.

Realizáronse nos centros socioculturais de Santa Cristina, Busto e Aríns os días 21, 23 e 24 de marzo e 18, 20 e 21 de abril, respectivamente, así como nos de Laraño, Lavacolla e Grixoa os días 25, 27 e 28 de abril e 16, 18 e 19 de maio. Os obradoiros realizáronse en horario de tarde e catro sesións por centro. Tamén houbo tres obradoiros de danza coa coreógrafa Begoña Cuquejo, que traballou cun grupo de mulleres interesadas en achegarse ao corpo e ao pensamento crítico sobre as normativas do corpo feminino e de xénero, desta experiencia saíu un traballo escénico duns 20 minutos que se presentou ao público o 11 de marzo, ás 19:00 horas, na praza do 8 de Marzo.
Os obradoiros de preparación da peza levaronse a cabo na Casa do Matadoiro o luns 5, o martes 6 e o domingo 11 (o propio día da estrea) en horario de tarde.

Exposicións fotográficas: "Espellos de Pedra. Gabriel Tizón".

Dende o 5 de marzo, a cidade acolleu 15 fotografías de Gabriel Tizón nunha exposición que levou por nome *Espellos de pedra* e que se visitou, de forma gratuíta, ata finais do mes de abril. Un formato e unha localización que buscou chegar a milleiros de persoas amosando a mulleres ocultas, anónimas, que son parte fundamental da nosa sociedade.

Debates feministas.

A Casa Xohana Torres foi tamén un dos eixes vertebradores das actividades, cun ciclo de debates durante os meses de marzo e abril nos que participaron mulleres imprescindibles que, dende diferentes perspectivas e ámbitos, abordaron cuestións fundamentais relacionadas coas desigualdades de xénero, reivindicacións e mobilizacións feministas do pasado e do presente e achegas literarias claves para o feminismo e a cultura galega.

II Premio Xohana Torres.

O mércores 7 de marzo, entregouse o II Premio Xohana Torres, nun acto no que se proxectou a creación audiovisual gañadora este ano o premiado foi o traballo "Concha Castroviejo. Arelas de liberdade'. Tamén se aperturou a convocatoria da terceira edición destes premios.

Intervención urbana na praza de Mazarelos.

A intervención urbana realizouse a través da instalación dunha estrutura temporal coa imaxe de Concepción Arenal na praza de Mazarelos durante os meses de abril e maio.

Os camiños do lecer.

Actividade coa que se visitaron algúns dos lugares máis emblemáticos da cidade. Foi o día 11 de marzo entre as 10:00 e as 13:00 horas.

Evento de arte multidisciplinar.

O 3 de marzo tivo lugar un evento de arte multidisciplinar de novas creadoras galegas con música, poesía, exposición de artistas e sesión vermú, coa participación do alumnado do ciclo superior do Raio Verde.

Valoración da actividade desenvolvida
da entidade organizadora

O éxito da primeira edición celebrada o ano 2017 fixo repetir a experiencia cun

programa máis ambicioso. Cumpriuse o obxectivo pretendido pola Concellaría de igualdade, desenvolvemento económico e turismo do concello de Santiago que consistía na visibilización do labor das mulleres e por de relevo a cada vez maior presenza feminina en prol da cidadanía.	
do público asistente	
Moi boa acollida por parte do público participante e medios de comunicación.	
Custo global da actividade:	60.700 € Todos os actos conmemorativos do día 8 de marzo "Día Internacional da Muller".

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	ORGULLO 2018. COMPOSTELA DIVERSA.
Lugar e datas de realización	22 E 23 DE XUÑO. ESPAZOS DA CIDADE
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	CIDADANIA EN XERAL

Descrición do contido da actividade

No mes de xuño realizáronse unha serie de Actividades de sensibilización social para a celebración do orgullo. Concretamente, leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Mesa redonda sobre o futuro lexislativo das leis trans e a lei lgtbi.
- Contacontos para crianzas.
- Performances.
- Obradoiros de elaboración colectiva de bandeiras.
- Microteatro.
- Mesas e paneis informativos.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

En xuño do 2016, o Pleno Municipal da Corporación aprobou unha Declaración Institucional na cal se comprometía a colaborar coas asociacións e colectivos LGTBI para impulsar o desenvolvemento de accións planificadas e coordinadas para garantir que "todas as persoas, independentemente da súa forma de vivir o amor e a propia sexualidade, reciban igualdade de trato e nunca máis sufran ningún tipo de discriminación e violencia pola súa condición, orientación sexual ou identidade de xénero". Desde entón, desde a Concellaría de Igualdade estase en coordinación cos colectivos LGTBI da cidade para poder levar a cabo actuacións especificas para promover a igualdade de trato.

do público asistente

Alto nivel de participación e satisfacción por parte do Colectivo LGTBI e cidadanía en xeral.

Custo global da actividade:	7.956€

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	PUNTO LILA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN SOBRE VIOLENCIAS MACHISTAS DURANTE AS FESTAS DO APOSTOLO.
Lugar e datas de realización	PRAZA DO TORAL. DO 20 AO 31 DE XULLO.
Núm. de horas	60
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	CIDADANIA EN XERAL.

Descrición do contido da actividade

As mulleres que participantes nas festas do Apóstolo contaron cun punto lila de información e atención sobre as violencias sexuais.

Tratouse dunha iniciativa que se levou a cabo por primeira vez na cidade.

Estivo habilitado durante todos os días das festas en horario de 12:00 a 14:00 e dende as 20:00 horas ata as 2 da madrugada.

A coordinación correu a cargo do Centro de Información ás Mulleres (Cim) de Santiago de compostela, co apoio dun equipo de sete psicólogas especialistas en violencia de xénero.

Este espazo estivo orientado a informar e tamén a realizar o acompañamento no caso de que unha muller tivera sufrido unha agresión, do tipo que sexa.

O Concello de Santiago editou un díptico con información relevante para o caso de que a veciñanza se atope cunha muller que pide axuda ou poida ter sido vítima dalgunha agresión de tipo sexual. En dito díptico (editado en Galego, castelán e Inglés) recolléronse algúns consellos, de como achegarse á persoa que puidera ser agredida, preguntarlle como se atopa e se precisa axuda.

Entre as recomendacións incluídas no escrito recollíase a de adoptar unha actitude activa fronte ás agresións sexistas, o respecto coas diversas identidades e expresións de xénero e a tolerancia cero ante comportamentos machistas.

O Concello de Santiago tamén incluíu no programa das festas unha ducia de consellos para a festa, onde se rexeita calquera tipo de discriminación e se aposta por unha Compostela e un apóstolo libre de violencias machistas.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

Cumpriuse o obxectivo de lembrar á cidadanía que nas festas a igualdade e o respecto deben sempre estar garantidos, e tamén ofreceuse información, acompañamento e primeira atención a calquera muller que poidera vivir un

episodio de violencia machista durante as festas do Apóstolo.
do público asistente
Alto nivel de satisfacción das persoas que se acercaron ao punto lila.

Custo global da actividade:	12.763 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES E PROGRAMAS A FAVOR DA IGUALDADE EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES E DAS PERSOAS DO COLECTIVO LÉSBICO, GAY, TRANSEXUAL, BISEXUAL, QUEER E INTERSEXUAL (LGTBQI) DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS PARA O ANO 2018.
Lugar e datas de realización	SUBVENCIÓN ANUAL BOP Nº 141, XOVES 26 DE XULLO DE 2018 (BDNS: 409183).
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA QUE ESTEAN INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE SANTIAGO.
Descrición do contido da actividade	
Convocatoria anual de concurso para a concesión de subvencións para a realización de programas e actividades a desenvolver polas asociacións. O obxectivo é favorecer o desenvolvemento integral destes colectivos, promover a súa participación activa en tódolos ámbitos e contribución a facer efectiva a igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero. Xúntanse bases da convocatoria e resolución publicados no BOP.	
Valoración da actividade desenvolvida da entidade organizadora	
Entidades Beneficiarias e Importe da subvención: Asociación de Viúvas Rosalía de Castro: 2.500,00 € AEIGA : 1.500,00 € Federación Autismo Galicia: 2.506,00 € XIARA :2.000,00 € Asociación para a promoción e Integración das mulleres galegas do rural (AGRA): 2.577,60 € Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia- FADEMUR- GALICIA: 2.900,00 € Vogalía de Muller da Asociación de Veciños Camiño de Santiago: 790,00 € Asociación Mulheres Nacionalistas Galegas: 470,30 € Plataforma Feminista Galega: 2.828,20 € Asociación Veciñal e Cultural As Brañas de Andrés-Compostela: 1.500,00 € Sindicato Labrego Galego: 2.756,60 € Resolución: BOP nº202 do martes 23 de outubro de 2018.	

do público asistente	
Valoración positiva por parte das entidades beneficiarias. Este ano beneficiáronse desta subvención un total de once asociacións/entidades.	
Custo global da actividade:	22.328,70 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	XORNADAS TÉCNICAS SOBRE DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE SEXUAL.
Lugar e datas de realización	CSC DE FONTIÑAS. 8 E 9 DE NOVEMBRO.
Núm. de horas	8 HORAS.
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	PROFESIONAIS TÉCNICOS/AS.
Descrición do contido da actividade	

Catro Mesas

As xornadas contaron con relatoras dos ámbitos mencionados e das forzas de seguridade, que presentaron as súas ponencias ao redor de 4 mesas: detención e intervención nos delitos sobre a integridade sexual no ámbito social, investigación nos delitos contra a integridade sexual, pautas de actuación no ámbito forense-sanitario e protección da vítima e dereito de defensa na instrución e axuizamento dos delitos sobre a integridade sexual.

Na primeira mesa, moderada pola xurista Estefanía Lodeiro, participaron Lorena Nieto, psicóloga do Programa Vagalume das Oblatas e Cáritas Diocesana de Santiago; Mayte Celeiro, educadora social e coordinadora da área de protección de ARELA; María Teresa Fernández, traballadora social do CHUS, e María Teresa Hermida, psicóloga do Equipo Técnico de Menores.

A segunda mesa sobre "Investigación nos delitos contra a integridade sexual", estivo moderada por Patricia López Arnoso e contou coa participación do inspector da Policía Nacional, César Ramos; a fiscal de área de Santiago, Pilar Fernández e Jorge González, da brigada do EMUME.

Na terceira mesa debateuse sobre as pautas de actuación nos delitos contra a integridade sexual no ámbito forense-sanitario, coa moderación da xuíza Ana López-Suevos e a participación da médica forense do IMELGA, Begoña Rubio; a psicóloga forense do IMELGA, Paula Souto e a psicóloga da Oficina de Atención á Vitima, Susana García Novoa.

A última mesa das xornadas, foi moderada por María Luisa Vieito, versou sobre a protección da vítima e do dereito de defensa na instrución e axuizamento dos

delitos sobre a integridade sexual. Formaron parte da mesma María Luisa Pasín, avogada do Colexio de Avogacía de Santiago; Antía Alvaredo, letrada da Administración de Xustiza do Xulgado de Instrución número 1 de Santiago, e Ana López-Suevos, maxistrada titular do Xulgado de Instrución número 1 da nosa cidade.

Valoración da actividade desenvolvida
da entidade organizadora

Estas xornadas nacen como consecuencia da necesidade de actualización dos criterios á hora de intervir coas vítimas de delitos sexuais, especialmente daquelas que se atopan en situación de vulnerabilidade; ben pola súa idade, sexo, estado físico ou mental ou ben polas súas circunstancias sociais, económicas,éticas ou cultural.
Alto nivel de satisfacción por parte da entidade organizadora.

do público asistente

As xornadas, de perfil eminentemente técnico, teveron como obxectivo final o establecemento de contactos para a creación dunha comisión que elabore un protocolo que teña como obxectivo a coordinación de profesionais dos ámbitos educativo, sanitario, social, policial e xudicial que interveñen con vítimas de delitos sexuais no Partido Xudicial de Santiago de Compostela.

Custo global da actividade:	5.989,50 €

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	XUNTANZA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.
Lugar e datas de realización	SALON DAS COMISIÓNS DO PAZO DE RAXOI. 21 DE DECEMBRO DE 2018.
Núm. de horas	2 HORAS.
Núm. de participantes	
MULLERES E HOMES	11 MULLERES E 3 HOMES.
PÚBLICO OBXECTIVO	PREPRESENTANTES DE ORGANISMOS AUTONÓMICOS, MUNICIPAIS E CORPOS E FORZAS DE SEGURIDADE IMPLICADOS DIRECTA OU INDIRECTAMENTE NA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO,
Descrición do contido da actividade	

No pleno da Corporación do Concello de Santiago de Compostela, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de abril de 2016, aprobouse o acordo de constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.
Dita mesa vai a constituír unha ferramenta operativa na que estarán representados tódolos ámbitos municipais, e outros implicados directa ou indirectamente na loita contra a violencia de xénero, co obxecto de procurar unha maior eficacia de todas as actuacións a tal fin.
Trátase dunha iniciativa que busca incrementar o grao e a calidade da coordinación interinstitucional por parte de todas as administracións públicas, e contribuír así a optimizar a accesibilidade aos recursos e ás prestacións dos servizos de atención ás mulleres no noso ámbito municipal, afectadas por situacións de violencia de xénero.
A xuntanza da mesa tivo lugar o día 21 de decembro de 2018, no salón das comisións do Pazo de Raxoi, en Santiago de Compostela, ás 12:00 horas, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación da Acta da Sesión de Constitución da mesa local de Coordinación do pasado 01 de xuño de 2017.
2. Incorporación con carácter permanente a esta mesa da Xefa de Área de Violencia de Xénero da Subdelegación de Goberno de A Coruña.
3. Sometemento á consideración dos membros desta mesa a incorporación do Concello de Santiago no Programa VIOGEN.
4. Presentación das novas ferramentas tecnolóxicas de prevención contra as violencias machistas que se van a impulsar dende o Concello de Santiago, sometendo á consideración da mesa as melloras que estas ferramentas poderían incorporar dende as diferentes perspectivas profesionais.
5. Dar conta á Mesa sobre os resultados do "Estudo das Violencias Machistas na Adolescencia Temperá" levado a cabo dende a Concellaría de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela.
6. Rogos e Preguntas.

Asistencia:

- Marta Irene Lois González, PRESIDENTA. Concelleira Delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo.
- Maria Teresa Furelos Toral. SECRETARIA. Xefa de Servizo da Área de Acción Social do Concello de Santiago.
- Maria Dolores Lajos Castaño. Persoal técnico do CIM do Concello de Santiago.
- Gloria Maria Novo Moreira. Persoal técnico do CIM do Concello de Santiago.
- Maria Jesús Taboada Pérez. Representación do servizos sociais municipais do Concello de Santiago.
- Ana Rodríguez Raviña. Xefa de sección do Punto de Coordinación das Ordes de Protección (PCOP) da Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero da SXI da Xunta de Galícia.
- Isabel Taboda Mougán. Vogal do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.
- María Digna Figueroa Rodríguez. Subinspectora adscrita á Unidade de Atención á Familia e Muller (UFAM) da Comisaría de Santiago.
- Mª Dolores Montiel Carracedo. Xerencia de Xestión Integrada do Sergas de Santiago de Compostela.
- María Isabel Álvarez García. Xefa da Unidade contra a Violencia sobre a Muller. Subdelegación do Goberno en A Coruña.
- Gonzalo Castro Prado. Gabinete da Subdelegación do Goberno na Coruña.
- Ruben Cela Díaz. Grupo Municipal do BNG.
- Gonzalo Muíños Sánchez. Grupo Municipal do PSOE.
- María Corral López. Grupo Municipal do PP.

Valoración da actividade desenvolvida
da entidade organizadora
A Concellaría de Igualdade - Cim valora positivamente a nova convocatoria de xuntanza de cara a unir esforzos e corresponsabilizar a tódolos/as profesionais e institucións na loita contra a Violencia de Xénero.
do público asistente
Moi boa aceptación por parte das/os participantes.

Custo global da actividade:	Actividade sen custo.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 25 DE NOVEMBRO: DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. CAMPAÑA *25 N. COMPOSTELA EN NEGRO*.
Lugar e datas de realización.	COMERCIOS E HOSTALERIA DE SANTIAGO 19 AO 30 DE NOVEMBRO DE 2018.
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	SECTORES DO COMERCIO, HOSTALARÍA, EMPRESAS DA CIDADE E CIDADANÍA EN XERAL.

Descrición do contido da actividade

A campaña xurde dunha necesidade detectada pola Concellaría de igualdade, desenvolvemento económico e turismo de visibilizar e denunciar as violencias de xénero que padecen moitas mulleres na súa vida cotiá, na escola, no traballo, pero principalmente no fogar.
O feito de mobilizar aos sectores do comercio, o turismo e das empresas da cidade supuxo un factor importante de participación social. Procurouse un efecto contaxio entre os establecementos e empresas, de xeito que se sumase de forma voluntaria o maior número posible.
Por outra banda, a campaña tivo como piar fundamental a colaboración e a coordinación entre diferentes áreas municipais. aínda que o axente motor principal foi o Departamento de Igualdade, as áreas de comercio e de desenvolvemento económico e a área de turismo dado o seu traballo cotián con estes sectores, o seu coñecemento e a dispoñibilidade de datos, tamén foron uns axentes motores.

A campaña tivo dous niveis de actuación:

- En Compostela: convidouse ao tecido comercial, ao sector hostaleiro e ao sector empresarial a que fosen os protagonistas e vestiran a cidade de negro en sinal de dor e repulsa pola violencia de xénero. Xunto á imaxe en negro dos escaparates e establecementos, traballouse tamén contidos que incidiran na visibilización e na denuncia de todas as formas de violencia contra as mulleres a través de cartelería, imaxes e atrezzo. O obxectivo foi que establecementos composteláns se adhiran a esta campaña e se tinguiran de negro. Tamén foi parte da campaña o uso dun autobús negro e de varias traseiras de autobuses urbanos, a colocación de cartelería en varios mupis e a instalación de faixas con mensaxes de denuncia no Estadio municipal de San Lázaro e no Multiusos Fontes do Sar.
- Traballo en rede con outros Concellos galegos e Deputacións: estiveron traballando nunha proposta similar a esta, e a través do traballo en rede buscouse artellar unha campaña global pensada desde o ámbito local que terá como obxectivo tinguir de negro o mapa galego.

Valoración da actividade desenvolvida	
da entidade organizadora	
Cumpríronse os obxectivos programados para esta campaña. Ditos obxectivos foron os seguintes: ▪ aumentar a concienciación social sobre a problemática da violencia de xénero. ▪ implicar á cidadanía e aos axentes socias, culturais e económicos do municipio nunha resposta colectiva de repulsa da violencia de xénero. ▪ identificar, transmitir e poñer o foco en determinados comportamentos e expresións verbais vencelladas á violencia de xénero. Dende este plantexamento faise unha valoración positiva dende a entidade organizadora.	
do público asistente	
Alto grao de valoración por parte dos establecementos adheridos e das entidades, Concellos e Deputacións colaboradoras.	
Custo global da actividade:	81.300,00 €

3. COMENTARIOS OU OBSERVACIÓNS SOBRE AS FUNCIÓNS DO CIM.

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ACORDA A CREACIÓN DUN CIM (CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER) EN VIRTUDE DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30 DE DECEMBRO DE 2004 E O 19 DE MAIO DE 2005 OBTÉN A ACREDITACIÓN COMO TAL. DESTA FORMA INTEGRASE NA REDE DE CIMS E REGÚLASE O SEU FUNCIONAMENTO POLO DECRETO 182/2004, DO 22 DE XULLO E NA ACTUALIDADE POLO DECRETO 130/2016, DO 15 DE SETEMBRO.
O CONCELLO DE SANTIAGO, SEN EMBARGO XA VIÑA REALIZANDO FUNCIÓNS DE INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E DE LOITA CONTRA A DESIGUALDADE DE XÉNERO E PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN DA MULLER DENDE O ANO 1992.

A TRAVÉS DO C.I.M. PRETÉNDESE:

- ❑ DETECTAR AS CAUSAS REAIS DA DESIGUALDADE E LOITAR EFICAZMENTE CONTRA ELAS, PROMOVENDO A IGUALDADE DA MULLER E MELLORANDO A SÚA CONDICIÓN NO ÁMBITO PERSOAL, LABORAL, FAMILIAR, DE SAÚDE, EDUCACIÓN, CULTURA, ETC.
- ❑ PREVIR E LOITAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, XA QUE ESTA É O RESULTADO MÁIS TRÁXICO DA DESIGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES.
- ❑ POTENCIAR A INFORMACIÓN DOS RECURSOS DISPOÑIBLES, COMO: PRESTACIÓNS, PROGRAMAS, XESTIÓNS, CURSOS DE FORMACIÓN, ORIENTACIÓN LABORAL E PROFESIONAL, ETC, ONDE UNHA ASESORA XURÍDICA, UNHA PSICÓLOGA E UNHA TRABALLADORA SOCIAL ASISTEN E ASESORAN ÁS DEMANDAS DAS MULLERES DESTE CONCELLO.

O C.I.M DESENVOLVE DOUS TIPOS DE ACTUACIÓNS: ASISTENCIAIS E COMUNITARIAS.

AS ACTUACIÓNS ASISTENCIAIS CONSISTEN EN: A ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA E CONFIDENCIAL DAS MULLERES A TRAVÉS DA ASESORA XURÍDICA, PSICÓLOGA E TRABALLADORA SOCIAL, NA QUE SE REALIZA UNHA ATENCIÓN XURÍDICA, ASISTENCIA PSICOLÓXICA E ATENCIÓN SOCIAL. ESTA ATENCIÓN COMPLEMÉNTASE CO RESTO DO EQUIPO DE PERSOAL DA CONCELLARÍA DE POLÍTICAS SOCIAIS, DIVERSIDADE E SAÚDE: TRABALLADORAS SOCIAIS, EDUCADORAS FAMILIARES, UNIDADE MUNICIPAL DE ATENCIÓN A DROGODEPENDENCIAS (UMAD) E UNIDADE DE ATENCIÓN ÁS MIGRACIÓNS (UAMI).

AS ACTUACIÓNS COMUNITARIAS PRETENDEN: PROMOVER A PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL DA POBOACIÓN FEMININA DESTE CONCELLO A TRAVÉS DE CHARLAS, CONFERENCIAS, CURSOS, REPRESENTACIÓNS TEATRAIS, PREMIOS; CO FIN DE DIFUNDIR E SENSIBILIZAR Á POBOACIÓN EN XERAL DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

TENDO EN CONTA QUE O CIM, CRÉASE CO PROPÓSITO DE ATENDER AS DEMANDAS DA POBOACIÓN E, EN CONCRETO, PARA ARTICULAR OS MECANISMOS NECESARIOS PARA FACER VALER OS DEREITOS DAS MULLERES E IMPLICAR Á COMUNIDADE, NO SEU CONXUNTO, NA CONSECUCIÓN DA REFERIDA IGUALDADE.

EN ARAS DE LEVAR A CABO E CUMPRIR CO OBXECTIVOS DA SÚA CREACIÓN, O CIM ADEMAIS DOS PROGRAMAS BÁSICOS DE ACTUACIÓN EXPLICADOS E QUE TEÑEN UN CARÁCTER ESTABLE; PUXO EN MARCHA DIVERSOS SERVIZOS PROPIOS, CON UN CARÁCTER TAMÉN ESTABLE; E QUE EXPLICAREMOS A CONTINUACIÓN:

- SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.
- PROGRAMA VAGALUME: PISO DE ACOLLIDA “O NOSO LAR”.

SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

O CONCELLO DE SANTIAGO A TRAVÉS DO CIM, SOLICITOU A ADHESIÓN DESTA CORPORACIÓN AO SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓVIL PARA VITIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO ANO 2005.

DESCRIPCIÓN DO SERVIZO:

ESTE PROGRAMA OFRECE ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, QUE CONTE CON ORDEN DE PROTECCIÓN UNHA ATENCIÓN INMEDIATA E A DISTANCIA.

O SERVIZO SE BASA NA UTILIZACIÓN DAS TECNOLOGÍAS DE COMUNICACIÓN TELEFÓNICA MÓVIL E DE TELELOCALIZACIÓN.

O OBXECTIVO PRIMORDIAL DO SERVIZO

- GARANTIR UNHA ATENCIÓN INMEDIATA E ADECUADA ANTE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA.

CARACTERÍSTICAS DOS TERMINAIS

OS TERMINAIS DE USUARIA PERMITEN:

- A LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DA USUARIA
- A COMUNICACIÓN TELEFÓNICA DE VOZ (VIA GSM)

O NÚMERO DE TERMINAIS ACTIVOS A DÍA 30 DE ENERO DE 2019 ASCENDE A 4.

SERVIZO SEN CUSTO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCÉSANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. PROGRAMA VAGALUME: "ACOMPAÑAMENTO A MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN".

NO ANO 2008 ASINÓUSE O PRIMEIRO CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CARÁCTER ANUAL ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E A ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DO PISO DE ACOLLIDA: "O NOSO LAR" DENTRO DO PROGRAMA VAGALUME.

DESCRICIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA

O PROGRAMA VAGALUME – CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO, PRETENDE, CO PROXECTO "ACOMPAÑAMENTO A MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN", ACOMPAÑAR ÁS PARTICIPANTES NOS SEUS PROCESOS DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL QUE TEÑEN COMO OBXECTIVO LOGRAR O SEU EMPODERAMENTO PERSOAL, SOCIAL, FAMILIAR E LABORAL.

O PROXECTO PROGRAMA OFRECE RESPOSTA ÁS MULLERES QUE VIVINDO OU TENDO VIVIDO EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN, PASAN POR UNHAS ESPECIAIS DIFICULTADES OU, POR UNHA SITUACIÓN DE RISCO, QUE IMPIDEN A SÚA AUTONOMÍA, REQUIRINDO DUNHA INTERVENCIÓN ESPECÍFICA E DUN ALOXAMENTO SEGURO. DESTE XEITO O PROXECTO DO PISO DE ACOLLIDA INTÉGRASE DENTRO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA Á MULLER EXCLUÍDA OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL "VAGALUME".

AS BENEFICIARIAS DO PROXECTO SON MULLERES (ASÍ COMO OS SEUS FILLOS/AS MENORES QUE CONVIVAN CON ELAS E SE ATOPEN EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL).

OBXECTIVOS:

DENDE O ÁMBITO PERSOAL: FACILITAR UNHA VIVENDA TEMPORAL E APOIO EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA PARA AS MULLERES VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL OU MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE, A TRAVÉS DO PISO DE ACOLLIDA "O NOSO LAR", QUE SE INTEGRA, DESTE XEITO DENTRO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA Á MULLER EXCLUÍDA OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL "VAGALUME".

DENDE O ÁMBITO FAMILIAR: FACILITAR UNHA RELACIÓN DIRECTA ENTRE O CENTRO DA MULLER E O CENTRO DE NENOS E NENAS, E CREAR UN ESPAZO ONDE OS

RAPACES E RAPAZAS RECIBAN APOIO E ORIENTACIÓN EN TODO O REFERENTE ÁS PAUTAS FAMILIARES.

DENDE O ÁMBITO FORMATIVO: TRATARASE DE QUE AS MULLERES ADQUIRAN COÑECEMENTOS CULTURAIS SUFICIENTES PARA DESENVOLVERSE NA SOCIEDADE DE MANEIRA AUTÓNOMA, TAMÉN PROMOVERASE O COÑECEMENTO DE VALORES, DE OUTRAS REALIDADES CULTURAIS, E DE OUTRAS PERSOAS, PALIANDO ASÍ A SITUACIÓN DE ILLAMENTO.

DENDE O ÁMBITO XURÍDICO: TRATARASE DE ORIENTALAS EN CADA DEMANDA INDIVIDUAL DE ATENCIÓN, PROMOVENDO A INFORMACIÓN DOS SEUS DEREITOS E OBRIGAS ASÍ COMO O ACCESO AOS DIFERENTES RECURSOS DA COMUNIDADE.

DENDE O ÁMBITO LABORAL: TRATARASE DE POÑER EN CONTACTO A CADA MULLER CUNHA OFERTA DE TRABALLO, TRATANDO DE PROMOVER A SÚA AUTONOMÍA E PARTICIPACIÓN SOCIAL.

DENDE O ÁMBITO ECONÓMICO: O OBXETIVO É REDUCIR O IMPACTO DAS CARENCIAS ÁS QUE AS MULLERES VENSE SOMETIDAS.

PARA O CUMPRIMENTO DESTES FINS, REALIZARANSE AS SEGUINTES ACTIVIDADES:

ACOLLIDA TEMPORAL EN VIVENDA DE EMERXENCIA: PARA AS MULLERES VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓNS DE ESPECIAL VULNERABILIDADE.

DE CARÁCTER PERSOAL: ENTREVISTAS DE ACOLLIDA, DE INFORMACIÓN E PACTO E DE PRESENTACIÓN DO CENTRO

DE CARÁCTER PSICOLÓXICO EMOCIONAL: ATENCIÓN PSICOLÓXICA INDIVIDUAL E TALLERES GRUPAIS DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL.

DE INTERVENCIÓN FAMILIAR: INTERVENCIÓN FAMILIAR INDIVIDUAL E ESCOLA DE NAIS.

DE CARÁCTER FORMATIVO: ALFABETIZACIÓN, FORMACIÓN E CULTURA XERAL, INFORMÁTICA, VISITAS CULTURAIS, FORMACIÓN EN IGUALDADE, EDUCACIÓN PARA A SAÚDE, EDUCACIÓN EN VALORES, TALLERES PRELABORAIS E MÓDULOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL.

DE CARÁCTER SOCIAL/ XURÍDICO: ATENCIÓN PRIMARIA E DERIVACIÓN, NO SEU CASO; ORIENTACIÓN SOCIAL E INFORMACIÓN DE RECURSOS E ORIENTACIÓN XURÍDICA.

DE MEDIACIÓN LABORAL: CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

DE SENSIBILIZACIÓN: CHARLAS, REUNIÓNS, MESAS REDONDAS, DANDO A COÑECER A PROBLEMÁTICA DAS MULLERES PARTICIPANTES.

IMPORTE ECONÓMICO DO CONVENIO NO ANO 2018: 30.000,00 €.

4.SUXESTIÓNS.

DENDE O CIM OBSÉRVASE A NECESIDADE DE QUE TODA A FORMACIÓN QUE SE OFERTA AO PERSOAL DOS CIM DENDE A SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE SE LEVE A CABO A TRAVÉS DUN PLANO DE FORMACIÓN ANUAL, PAUTADO A INICIOS DE ANO,

TAMEN SE OBSERVA A NECESIDADE DE ESTABLECER PROTOCOLOS DESTINADOS A COORDINAR E OPTIMIZAR AS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO E REUNIÓNS INTERDISCIPLINAIS ENTRE TODOS/AS OS/AS PROFESIONAIS QUE FORMAN PARTE DA REDE DE CIMS.

5.RELACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES.

- CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER DE GALICIA.
- SERVIZO GALEGO DE SAÚDE. XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE SANTIAGO.
- CHUS (COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO).
- UNIDADES SAÚDE MENTAL.
- CENTROS DE SAÚDE DE ATENCIÓN PRIMARIA.
- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC).
- INSTITUTOS DE ENSINO SECUNDARIO E BACHARELATO DE SANTIAGO.
- CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTÍL E PRIMARIA DE SANTIAGO.
- XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 3 DE SANTIAGO.
- XULGADOS DO PENAL Nº1 E Nº2 DE SANTIAGO.
- GRUPO DE VIOLENCIA INTRAFAMILIAR DA POLICÍA AUTONÓMICA.
- GARDA CIVIL.
- POLICÍA LOCAL.
- POLICÍA NACIONAL: UFAM.- UPAP (UNIDADE DE PREVENCIÓN, AUXILIO E PROTECCIÓN CONTRA OS MALOS TRATOS Á MULLER) E SAF (SERVIZO DE ATENCIÓN Á FAMILIA DA POLICÍA XUDICIAL).
- PROXECTO HOME.
- ASOCIACIÓNS DE MULLERES, SECRETARÍAS DA MULLER DOS SINDICATOS E VOCALÍAS DA MULLER DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO.
- CONCELLERÍAS DE SERVIZOS SOCIAIS DOS CONCELLOS DA COMARCA DE SANTIAGO.
- COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA.
- ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS/AS DE SANTIAGO.
- COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA.

- COLEXIO DE EDUCADORAS/ES SOCIAIS DE GALICIA.
- SERVIZO DE EXTRANXEIRÍA DA POLICÍA NACIONAL.
- FISCALÍA.
- FUNGA.
- IMELGA.
- EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA.
- PUNTO DE ENCONTRO (GOF. XUNTA DE GALICIA).
- SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE (VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA).
- CÁRITAS INTERPARROQUIAL.
- CENTRO VAGALUME DE ATENCIÓN Á PROSTITUCIÓN.

6.RELACIÓNS COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN.

TODAS AS ACTIVIDADES REALIZADAS DESDE A CONCELLARÍA DE IGUALDADE-CIM, FORON DIVULGADAS A TRAVÉS DA PÁXINA WEB DO CONCELLO, REDES SOCIAIS DO PROXECTO "COMPOSTELA, TERRITORIO DAS MULLERES", PRENSA ESCRITA, RADIO E TELEVISIÓN, CARTELERÍA ,CARTAS E EMAILS.

EN PRENSA ESCRITA, OS DIARIOS MÁIS UTILIZADOS SON: "LA VOZ DE GALICIA" E "EL CORREO GALLEGO" .

EN RADIO, AS EMISORAS MÁIS UTILIZADAS SON: "LA CADENA SER", "LA CADENA COPE", "ONDA CERO" E "A RADIO GALEGA".

EN TELEVISIÓN, AS CANLES MÁIS UTILIZADAS SON: "A TVG", "CORREO TELEVISIÓN" E " NOS TELEVISIÓN".

7.FORMACIÓN.

DIRECTORA

- ❑ Xornada de formación especializada para profesionais dos CIMS "Violencia de Xénero: enfoque actualizado en materia de menores, estatuto da vítima do delito. Organizada pola Asociación de Profesionais dos CIM – ASOCIM, en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. (4 horas).
- ❑ Curso de Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica de xestión pública. Oganizado pola EGAP.(30 horas).
- ❑ Xornadas Técnicas sobre delitos contra a Integridade Sexual. Organizadas pola Concellaría de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela. (8 horas).
- ❑ Xornada Xustiza e Dereito en Igualdade. Organizada pola EGAP.(6 horas).
- ❑ Curso: Cómo ser unha ciudade ou comunidade amigable coas persoas maiores. Organizado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social. (30 horas).
- ❑ Curso sobre a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Organizado pola EGAP.(25 horas).
- ❑ Curso: Como Deseñar Presentacións Eficaces. Organizado pola EGAP.(20 horas).
- ❑ Xornada operativa sobre delitos sexuais. Organizada pola Escola de Formación do Sindicato unificado de Policía. (4 horas).
- ❑ Five Inspiration Forum 2018. Una Grupo Business Global S.L. (5 Horas).

ASESORA XURÍDICA

- ❑ Xornada de formación especializada para profesionais dos CIMS "Violencia de Xénero: enfoque actualizado en materia de menores, estatuto da vítima do delito. Organizada pola Asociación de Profesionais dos CIM – ASOCIM, en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. (4 horas).

PSICÓLOGA

- ❑ Charla Impartida pola experta Internacional en Violencia de Xénero Jacquelyn Campbell. Organizada pola SXI da Xunta de Galicia. (4 horas).
- ❑ Xornada de formación especializada para profesionais dos CIMS "Violencia de Xénero: enfoque actualizado en materia de menores, estatuto da vítima do delito. Organizada pola Asociación de Profesionais dos CIM – ASOCIM, en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. (4 horas).
- ❑ Five Inspiration Forum 2018. Una Grupo Business Global S.L. (5 Horas).

TRABALLADORA SOCIAL (AXENTE DE IGUALDADE).

- ❑ Charla Impartida pola experta Internacional en Violencia de Xénero Jacquelyn Campbell. Organizada pola SXI da Xunta de Galicia. (4 horas).
- ❑ Curso: Habilidades Comunicativas dende as Emocións na Intervención Social. Organizado pola Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela. (14 horas).
- ❑ Xornada de formación especializada para profesionais dos CIMS "Violencia de Xénero: enfoque actualizado en materia de menores, estatuto da vítima do delito. Organizada pola Asociación de Profesionais

dos CIM – ASOCIM, en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. (4 horas).

- ❑ Five Inspiration Forum 2018. Una Grupo Business Global S.L. (5 Horas).

8. ANEXOS.

A CONTINUACIÓN ADXÚNTASE DOSIER DE PRENSA E TODO O MATERIAL EMPREGADO PARA A DIVULGACIÓN E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CIM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DEPENDENTE DA CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURÍSMO.